

Acordo de Consello de Goberno, de 24 de xullo de 2026, polo que se aproba a adaptación da normativa específica do Programa de Simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Ciencias Empresariais ao Regulamento 1/2025, do 30 de xaneiro, do Consello de Goberno, para a ordenación de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao e máster con itinerario específico

O [Regulamento](#) 1/2025 establece o marco regulador aplicable aos Programas de Simultaneidade da Universidade da Coruña e dispón que cada programa deberá contar cunha normativa específica adaptada ao seu contido e ás previsións da nova regulación.

Así mesmo, a disposición transitoria segunda do regulamento establece que os Programas de Simultaneidade impartidos no curso académico 2024/25 deberán adaptar a súa normativa específica ao novo regulamento con anterioridade ao comezo do curso 2026/27.

Co fin de dar cumprimento a esta previsión normativa, os centros responsables dos programas elaboraron as correspondentes propostas de adaptación das súas normativas específicas.

Polo exposto, o Consello de Goberno, na súa sesión de 24 de xullo de 2025, acordou a aprobación da normativa específica do Programa de Simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Ciencias Empresariais ao Regulamento 1/2025, do 30 de xaneiro, do Consello de Goberno, para a ordenación de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao e máster con itinerario específico, que figura como Anexo.

O reitor

MEMORIA DO PROGRAMA DE SIMULTANEIDADE DO GRAO EN TURISMO E O GRAO EN CIENCIAS EMPRESARIAIS POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Centros académicos responsables:

**Facultade de Turismo
Facultade de Economía e Empresa**

Este Programa foi aprobado pola xunta de centro da Facultade de Turismo na sesión do 29 de xuño de 2026, e pola xunta de centro da Facultade de Economía e Empresa na sesión do 30 de xuño de 2026.

Este Programa foi aprobado polo Consello de Goberno na sesión do 24 de xullo de 2026.

1. Autorización do Programa de Simultaneidade

A Universidade da Coruña (UDC) aproba a posta en marcha dun Programa Académico de Simultaneidade de dobre titulación, cun itinerario específico proposto pola Facultade de Turismo e pola Facultade de Economía e Empresa, que lle permite ao estudantado cursar simultaneamente os estudos oficiais de Grao en Turismo e Grao en Ciencias Empresariais (a partir de agora, Programa de Simultaneidade).

Este Programa organízase de acordo a un itinerario formativo específico que establece unha ordenación temporal das diferentes disciplinas que se van cursar, a partir dos plans de estudos oficiais de ambos os títulos, e segundo o disposto nos seguintes artigos.

O Programa de Simultaneidade e a súa normativa axústanse ao disposto no Regulamento 1/2025 da UDC e constitúe una oferta integrada de formación, sen modificar substancialmente os plans de estudos das titulacións implicadas, conforme ao establecido na normativa vixente.

2. Proxecto formativo

2.1. Denominación e duración do Programa

Esta memoria presenta e describe o Programa de Simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Ciencias Empresariais. O estudantado que supere este Programa de Simultaneidade obterá os dous títulos oficiais de Graduado/a en Turismo pola UDC e de Graduado/a en Ciencias Empresariais pola UDC.

O Programa terá unha duración de cinco cursos académicos, distribuídos en dez cuatrimestres segundo á estrutura detallada no apartado 2.5. O número de créditos necesario para superar o Programa será de 354 créditos.

2.2. Centros que o propoñen

Participan na impartición do presente Programa de Simultaneidade a Facultade de Turismo e a Facultade de Economía e Empresa. Será centro xestor e, en consecuencia, responsable da custodia dos expedientes do estudantado e da xestión administrativa do Programa a Facultade de Economía e Empresa.

A impartición das disciplinas deste Programa de Simultaneidade será de xeito independente á equivalente no grao en Turismo e no grao en Ciencias Empresariais. En consecuencia, realizarase en cada cuatrimestre no centro que corresponder segundo as disciplinas que se van impartir.

2.3. Número de prazas de novo ingreso ofertadas

O número de prazas dispoñibles para o novo estudantado no Programa de Simultaneidade determinarase, para cada curso académico, segundo o que aprobe o Consello de Goberno, a proposta das Facultades de Turismo e de Economía e Empresa, de conformidade coa normativa vixente.

2.4. Xustificación do Programa: Interese académico, científico e profesional do itinerario

O Programa de Simultaneidade dos Graos en Turismo e en Ciencias Empresariais

responde á crecente necesidade de formar profesionais cunha preparación multidisciplinar capaz de afrontar os retos dunha contorna económica e turística cada vez máis complexa, globalizada e competitiva. A integración de ambas as titulacións permite ao estudantado adquirir coñecementos especializados tanto na xestión de empresas como na análise, planificación e dirección de actividades turísticas, xerando un perfil profesional altamente cualificado e versátil.

Dende o punto de vista académico, estes graos pertencen ao mesmo ámbito de coñecemento e o itinerario favorece a complementariedade de competencias e coñecementos. O estudo simultáneo de ambas titulacións proporciona unha formación integral que combina fundamentos de economía, administración e dirección de empresas, dereito, finanzas, fiscalidade con materias específicas do sector turístico, como a planificación de destinos, a comercialización de produtos turísticos, aloxamentos e restauración ou a análise de mercados turísticos. Esta formación interdisciplinar enriquece o proceso de aprendizaxe e fomenta unha visión global dos fenómenos económicos e turísticos.

Dende o punto de vista científico, o Programa de Simultaneidade promove a comprensión das interrelacións existentes entre a actividade empresarial e o desenvolvemento turístico. O turismo constitúe un dos sectores económicos de maior relevancia a nivel nacional e internacional, polo que a súa análise require enfoques multidisciplinares que integren coñecementos económicos, sociais e de xestión. Este itinerario facilita a adquisición de ferramentas metodolóxicas e analíticas que permiten abordar investigacións relacionadas coa competitividade empresarial, a innovación, a sustentabilidade, a dixitalización e o desenvolvemento territorial vinculado ao turismo.

Dende o punto de vista profesional, a combinación de ambos os graos incrementa significativamente a empregabilidade e as oportunidades de inserción laboral. Os egresados dispoñen dunha formación que lles capacita para desempeñar funcións directivas, de xestión e consultoría tanto en empresas turísticas como en organizacións doutros sectores económicos. Así mesmo, poden acceder a postos relacionados coa planificación turística, a xestión de destinos, o emprendemento, o marketing, as finanzas, a administración pública e a consultoría empresarial. A crecente demanda de perfís con competencias transversais e capacidade de adaptación converte este itinerario nunha opción especialmente atractiva para responder as necesidades actuais do mercado laboral.

En consecuencia, o Programa de Simultaneidade constitúe unha proposta formativa de alto valor engadido, ao ofrecer unha preparación sólida, interdisciplinar e orientada á excelencia académica, a investigación e o desenvolvemento profesional.

2.5. Itinerario curricular específico organizado por cursos e cuatrimestres

O itinerario curricular específico estruturase en dez cuatrimestres, cunha carga lectiva de 36 créditos por cuatrimestre, nos sete primeiros cuatrimestres, 30 créditos nos cuatrimestres oitavo e noveno, e 42 créditos no derradeiro cuatrimestre.

No primeiro cuatrimestre de cada curso impártense as materias correspondentes ao grao en Ciencias Empresariais, e no segundo cuatrimestre as correspondentes ao grao en Turismo, excepto o traballo de fin de grao de 12 créditos do décimo cuatrimestre, que corresponde ao grao en Ciencias Empresariais.

		CÓDIGO	MATERIA	ECTS	TIPO
1.º curso	1.º cuatrimestre	200518	Introdución ao Dereito	6	FB
		200519	Principios de Microeconomía	6	FB
		200520	Economía da Empresa: Función Organizativa	6	FB
		200521	Matemáticas I	6	FB
		200522	Historia da Empresa	6	FB
		200525	Economía da Empresa: Función Financeira	6	FB
	2.º cuatrimestre	201868	Xeografía do Turismo	6	FB
		201869	Técnicas de Comunicación e de Promoción Turísticas	6	FB
		202902	Primeiro Idioma Moderno I: Inglés	6	FB
		201871	Patrimonio Cultural	6	FB
		201872	Informática de Xestión e do Coñecemento	6	OB
		201873	Introdución ao Turismo	6	FB

2.º curso	1.º cuatrimestre	200523	Dereito Mercantil	6	OB
		200526	Estatística I	6	FB
		200527	Matemáticas II	6	FB
		200531	Análise das Operacións Financeiras	6	OB
		200532	Macroeconomía	6	FB
		200537	Informática Aplicada á Empresa	6	OB
	2.º cuatrimestre	201865	Socioloxía do Turismo	6	FB
		201877	Intermediación Turística e Transporte I	6	OB
		201878	Aloxamentos e Restauración I	6	OB
		202903	Primeiro Idioma Moderno II: Inglés	6	OB
		201880	Márketing Turístico	6	OB
		201883	Segundo Idioma Moderno I: Francés (*)	6	OB
		200761	Segundo Idioma Moderno I: Alemán (*)	6	OB

3.º curso	1.º cuadrimestre	200524	Economía Mundial e Española	6	OB
		200528	Réxime Fiscal da Empresa I	6	OB
		200530	Contabilidade Financeira I	6	OB
		200533	Organización de Empresas	6	OB
		200535	Estatística II	6	OB
		200539	Bases de Datos para a Empresa	6	OB
	2.º cuadrimestre	201882	Recursos Territoriais Turísticos	6	OB
		201884	Intermediación Turística e Transporte II	6	OB
		201885	Aloxamentos e Restauración II	6	OB
		201886	As TIC Aplicadas ao Turismo	6	OB
		202904	Primeiro Idioma Moderno III: Inglés	6	OB
		200746	Segundo Idioma Moderno II: Francés (*)	6	OB
		200762	Segundo Idioma Moderno II: Alemán (*)	6	OB

4.º curso	1.º cuadrimestre	200534	Contabilidade Financeira II	6	OB
		200536	Dirección Financeira I	6	OB
		200538	Réxime Fiscal da Empresa II	6	OB
		200540	Contabilidade de Custos	6	OB
		200541	Introdución á Econometría	6	OB
		202232	Dereito do Traballo e da Seguridade Social	6	OB
	2.º cuadrimestre	200742	Xestión Turística do Patrimonio	6	OB
		200747	Comercialización de Produtos Turísticos	6	OB
		200748	Xestión Pública do Turismo	6	OB
		200749	Xestión de Calidade	6	OB
		200750	Segundo Idioma Moderno III: Francés (*)	6	OB
		200763	Segundo Idioma Moderno III: Alemán (*)	6	OB

5.º curso	1.º cuadrimestre	200542	Dirección Financeira II	6	OB
		202233	Réxime Fiscal da Empresa III	6	OB
		202234	Sistema Financeiro Español	6	OB
		202236	Contabilidade de Sociedades	6	OB
		202237	Análise de Estados Financeiros	6	OB
	2.º cuadrimestre	202249	Traballo de Fin de Grao	12	OB
		200751	Traballo de Fin de Grao	6	OB
		200764	Prácticas Externas	24	OB

FB: Formación básica OB: Obrigatoria

(*) O alumnado deberá cursar os 18 créditos obrigatorios do Segundo Idioma Moderno I, II, III: Francés ou Alemán

2.6 Traballo de Fin de Grao (TFG)

De acordo coas memorias verificadas do grao en Ciencias Empresariais e do grao en Turismo, na fase final do plan de estudos, e de acordo coa normativa da UDC, realizaranse dous traballos de fin de grao en que serán de aplicación os coñecementos adquiridos en cursos anteriores: un de 12 créditos en que se acredita que posúe o dominio do conxunto de competencias xerais e específicas do grao en Ciencias Empresariais e outro de 6 créditos en que se acredita que posúe o dominio do conxunto de competencias xerais e específicas do grao en Turismo.

Cada un destes traballos terá carácter independente, rexeráse pola normativa específica do TFG do título ao que pertenza, e será avaliado conforme aos criterios e procedementos establecidos na correspondente titulación. Do mesmo xeito, a coordinación académica do TFG será competencia da correspondente facultade.

Para a defensa de cada TFG será necesario ter superados todos os créditos do itinerario do Programa de Simultaneidade, agás os relativos aos traballos de fin de grao.

2.7. Coñecementos e competencias esenciais para alcanzar

O itinerario docente do Programa de Simultaneidade levará ao estudantado a adquirir os coñecementos e as competencias fundamentais establecidas nas memorias dos títulos de Grao en Turismo e de Grao en Ciencias Empresariais. Para isto, o estudantado cursará todas as materias de formación básica e obrigatorias de ambos títulos de grao, agás nos supostos onde, de acordo co seguinte apartado, algunha destas materias se recoñeza por unha materia doutro título, mediante a cal alcánzanse os resultados de aprendizaxe da materia recoñecida. Tamén se deberán realizar os traballos de fin de grao relativos a ambas titulacións, para poder avaliar de xeito separado a adquisición das respectivas competencias.

2.8. Táboas de recoñecementos mutuos entre ambas titulacións

Ao alumnado que superar o Programa de Simultaneidade recoñeceránselle os créditos das disciplinas optativas, de formación básica e das obrigatorias non cursadas dos plans de Grao en Turismo e do Grao en Ciencias Empresariais polos créditos das disciplinas de formación básica e das obrigatorias que constan nas táboas seguintes, logo de superalas e coa equivalencia en puntos correspondente á cualificación obtida nesas disciplinas, agás os recoñecementos de materias optativas (24 créditos no grao en Ciencias Empresariais e 18 créditos no grao en Turismo) que non levarán consigo unha cualificación numérica.

Os recoñecementos realizaranse polo Decanato do centro correspondente logo de superar o total de créditos previstos no Programa de Simultaneidade. Este recoñecemento será gratuito.

2.8.1. Táboa de recoñecementos das materias do Grao en Ciencias Empresariais polas cursadas no Programa de Simultaneidade

GRAO EN CIENCIAS EMPRESARIAIS				PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Primeiro curso					
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia
200518	Introdución ao Dereito	6	FB	200518	Introdución ao Dereito
200519	Principios de Microeconomía	6	FB	200519	Principios de Microeconomía
200520	Economía da Empresa: Función Organizativa	6	FB	200520	Economía da Empresa: Función Organizativa
200521	Matemáticas I	6	FB	200521	Matemáticas I
200522	Historia da Empresa	6	FB	200522	Historia da Empresa
200523	Dereito Mercantil	6	OB	200523	Dereito Mercantil
200524	Economía Mundial e Española	6	OB	200524	Economía Mundial e Española
200525	Economía da Empresa: Función Financeira	6	FB	200525	Economía da Empresa: Función Financeira
200526	Estatística I	6	FB	200526	Estatística I
200527	Matemáticas II	6	FB	200527	Matemáticas II

GRAO EN CIENCIAS EMPRESARIAIS				PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Segundo curso					
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia
200528	Réxime Fiscal da Empresa I	6	OB	200528	Réxime Fiscal da Empresa I
200529	Introdución á Socioloxía Industrial e da Empresa	6	FB	201865	Socioloxía do Turismo
200530	Contabilidade Financeira I	6	OB	200530	Contabilidade Financeira I
200531	Análise das Operacións Financeiras	6	OB	200531	Análise das Operacións Financeiras
200532	Macroeconomía	6	FB	200532	Macroeconomía
200533	Organización de Empresas	6	OB	200533	Organización de Empresas
200534	Contabilidade Financeira II	6	OB	200534	Contabilidade Financeira II
200535	Estatística II	6	OB	200535	Estatística II
200536	Dirección Financeira I	6	OB	200536	Dirección Financeira I
200537	Informática Aplicada á Empresa	6	OB	200537	Informática Aplicada á Empresa

GRAO EN CIENCIAS EMPRESARIAIS				PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Terceiro curso					
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia
200538	Réxime Fiscal da Empresa II	6	OB	200538	Réxime Fiscal da Empresa II
200539	Bases de Datos para a Empresa	6	OB	200539	Bases de Datos para a Empresa
200540	Contabilidade de Custos	6	OB	200540	Contabilidade de Custos
200541	Introdución á Econometría	6	OB	200541	Introdución á Econometría
200542	Dirección Financeira II	6	OB	200542	Dirección Financeira II
202232	Dereito do Traballo e da Seguridade Social	6	OB	202232	Dereito do Traballo e da Seguridade Social
202233	Réxime Fiscal da Empresa III	6	OB	202233	Réxime Fiscal da Empresa III
202234	Sistema Financeiro Español	6	OB	202234	Sistema Financeiro Español
202235	Inglés Empresarial	6	OB	202903	Primeiro Idioma Moderno II: Inglés
202236	Contabilidade de Sociedades	6	OB	202236	Contabilidade de Sociedades

GRAO EN CIENCIAS EMPRESARIAIS				PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Cuarto curso					
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia
202237	Análise de Estados Financeiros	6	OB	202237	Análise de Estados Financeiros
202242	Inglés Empresarial Avanzado	6	OB	202904	Primeiro Idioma moderno III: Inglés
202250	Prácticas Externas	12	OP	200764	Prácticas Externas
	Materias Optativas	24	OP	202902	Primeiro Idioma Moderno I: Inglés
				201880	Marketing Turístico
				201886	As TIC Aplicadas ao Turismo
				200747	Comercialización de Produtos Turísticos
				200749	Xestión de Calidade

2.8.2. Táboa de recoñecementos das materias do Grao en Turismo polas cursadas no Programa de Simultaneidade

GRAO EN TURISMO				PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Primeiro curso					
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia
201865	Socioloxía do Turismo	6	FB	201865	Socioloxía do Turismo

201866	Introdución á Economía	6	FB	200519	Principios de Microeconomía
201867	Introdución ao Dereito	6	FB	200518	Introdución ao Dereito
201868	Xeografía do Turismo	6	FB	201868	Xeografía do Turismo
201869	Técnicas de Comunicación e de Promoción Turísticas	6	FB	201869	Técnicas de Comunicación e de Promoción Turísticas
201871	Patrimonio Cultural	6	FB	201871	Patrimonio Cultural
201872	Informática de Xestión e do Coñecemento	6	OB	201872	Informática de Xestión e do Coñecemento
201873	Introdución ao Turismo	6	FB	201873	Introdución ao Turismo
201874	Economía da Empresa	6	FB	200520	Economía da Empresa: Función Organizativa
202902	Primeiro Idioma Moderno I: Inglés	6	FB	202902	Primeiro Idioma Moderno I: Inglés

GRAO EN TURISMO				PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Segundo curso					
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia
201875	Contabilidade Financeira	6	OB	200530	Contabilidade Financeira I
201876	Estatística	6	FB	200526	Estatística I
201877	Intermediación Turística e Transporte I	6	OB	201877	Intermediación Turística e Transporte I
201878	Aloxamentos e Restauración I	6	OB	201878	Aloxamentos e Restauración I
201880	Márketing Turístico	6	OB	201880	Márketing Turístico
201881	Contabilidade de Custos	6	OB	200540	Contabilidade de Custos
201882	Recursos Territoriais Turísticos	6	OB	201882	Recursos Territoriais Turísticos
201883	Segundo Idioma Moderno I: Francés (*)	6	OB	201883	Segundo Idioma Moderno I: Francés (*)
200761	Segundo Idioma Moderno I: Alemán (*)	6	OB	200761	Segundo Idioma Moderno I: Alemán (*)
200746	Segundo Idioma Moderno II: Francés (*)	6	OB	200746	Segundo Idioma Moderno II: Francés (*)
200762	Segundo Idioma Moderno II: Alemán (*)	6	OB	200762	Segundo Idioma Moderno II: Alemán (*)
202903	Primeiro Idioma Moderno II: Inglés	6	OB	202903	Primeiro Idioma Moderno II: Inglés

GRAO EN TURISMO				PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Terceiro curso					
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia
201884	Intermediación Turística e Transporte II	6	OB	201884	Intermediación Turística e Transporte II
201885	Aloxamentos e Restauración II	6	OB	201885	Aloxamentos e Restauración II
201886	As TIC aplicadas ao Turismo	6	OB	201886	As TIC aplicadas ao Turismo
200742	Xestión Turística do Patrimonio	6	OB	200742	Xestión Turística do Patrimonio
200743	Fiscalidade Turística	6	OB	200528	Réxime Fiscal da Empresa I

200744	Análise de Estados Financeiros	6	OB	202237	Análise de Estados Financeiros
200747	Comercialización de Produtos Turísticos	6	OB	200747	Comercialización de Produtos Turísticos
200749	Xestión de Calidade	6	OB	200749	Xestión de Calidade
200750	Segundo Idioma Moderno III: Francés (*)	6	OB	200750	Segundo Idioma Moderno III: Francés (*)
200763	Segundo Idioma Moderno III: Alemán (*)	6	OB	200763	Segundo Idioma Moderno III: Alemán (*)
202904	Primeiro Idioma Moderno III: Inglés	6	OB	202904	Primeiro Idioma Moderno III: Inglés

GRAO EN TURISMO				PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Cuarto curso					
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia
200748	Xestión Pública do Turismo	6	OB	200748	Xestión Pública do Turismo
201887	Métodos e Técnicas de Investigación no Turismo	6	OB	200541	Introdución á Econometría
200764	Prácticas Externas	24	OB	200764	Prácticas Externas
	Materias Optativas	18	OP	202236	Contabilidade de Sociedades
				200538	Réxime Fiscal da Empresa II
				200539	Bases de Datos para a Empresa

(*) O alumnado deberá cursar os 18 créditos obrigatorios do Segundo Idioma Moderno I, II, III: Francés ou Alemán

2.9. Mecanismos de coordinación docente

A coordinación docente do Programa de Simultaneidade será levada a cabo polas persoas coordinadoras do grao en Turismo e do grao en Ciencias Empresariais, e polas comisións académicas e de calidade da Facultade de Turismo e da Facultade de Economía e Empresa, que intercambiarán a información necesaria para garantir a adecuada coordinación académica e o desenvolvemento das accións de mellora que afecten ao Programa. O estudantado do Programa de Simultaneidade ten grupo propio, ou sexa, non forma parte dos grupos das titulacións de grao que constitúen o Programa, polo que, en cada cuadrimestre, no centro correspondente, ten un horario e unhas datas específicas para os exames finais, que están publicados nas páxinas web dos centros respectivos. Esta singularidade facilita a coordinación docente entre os mesmos.

En todo caso, prevese a creación dunha comisión de coordinación formada polas persoas responsables dos decanatos, dos vicedecanatos con competencias en materia académica e das coordinacións de ambas titulacións, que se reunirá, cando menos con periodicidade anual.

3. Normativa específica para o Programa de Simultaneidade

Esta normativa específica será de aplicación ao Programa de Simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Ciencias Empresariais. Tamén será de aplicación a normativa

académica da UDC e, en particular, o Regulamento 1/2025, de 30 de xaneiro, do Consello de Goberno, para a ordenación de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao e máster con itinerario específico.

3.1 Acceso e admisión de estudantes

Só poderá acceder ao Programa de Simultaneidade aquel estudantado que reúna os requisitos legais de acceso para ambos os graos.

A solicitude de admisión para cursar este Programa de Simultaneidade realizarase polo mesmo procedemento que para o resto de titulacións ofertadas pola UDC.

Dado que o Programa de Simultaneidade se introducirá de xeito gradual e con grupos de docencia homoxéneos, non poderán solicitar a admisión neste Programa aqueles estudantes que estean a cursar, ben o Grao en Turismo ou ben o Grao en Ciencias Empresariais. Isto é, para aqueles estudantes que xa iniciasen un dos dous graos e desexaren cursar de forma simultánea os seus estudos coa outra titulación, rexerán as normas xerais da UDC sobre simultaneidade de estudos. Alternativamente, poderán acceder ao primeiro curso do Programa de Simultaneidade se a CIUG lle asigna súa preinscrición.

3.2. Matrícula

3.2.1. O estudantado de primeiro curso, que curse estes estudos por primeira vez, poderá optar por matricularse no réxime de dedicación a tempo completo, é dicir, da totalidade dos créditos correspondentes ao primeiro curso, ou ben a tempo parcial, ou réxime de matrícula adaptada, segundo o que establece a normativa que regula o réxime de dedicación ao estudo e o procedemento de dispensa académica para o estudantado de grao e mestrado universitario da UDC.

3.2.2. O estudantado de continuación de estudos deberá efectuar a súa matrícula en réxime de dedicación a tempo completo ou en réxime de dedicación a tempo parcial, ou réxime de matrícula adaptada, respectando o número de créditos establecido con carácter xeral para todo o alumnado da UDC, segundo o que establece a normativa que regula o réxime de dedicación ao estudo e o procedemento de dispensa académica para o estudantado de grao e mestrado universitario da UDC.

3.2.3. De acordo coa norma que regula a progresión e permanencia do estudantado de grao e mestrado universitario da UDC, o estudantado de continuación de estudos deberase matricular de todos os créditos de formación básica e obrigatorios que non superase en cursos anteriores. O número total de créditos non poderá exceder do que estableza a norma vixente que regule o réxime de dedicación ao estudo.

3.2.4. Naqueles casos en que o número de créditos de formación básica e obrigatorios pendentes de cursos anteriores supere o número de créditos en que se queira matricular o alumnado con dedicación a tempo parcial, non será necesario que se matricule de todos eles. Con todo, a matrícula nestes créditos pendentes será prioritaria.

3.2.5. O estudantado poderá desistir da súa matrícula de conformidade con que se dispoña na normativa de xestión académica da UDC que corresponda a cada curso académico.

3.3. Progresión e permanencia

3.3.1. O alumnado de primeiro curso matriculado neste por primeira vez, deberá superar nese

curso académico o número mínimo de créditos establecido na normativa que regula a progresión e permanencia do estudantado de grao e mestrado universitario na UDC.

3.3.2. O estudantado de continuación de estudos deberá cumprir os requisitos de permanencia e progresión establecidos na citada norma.

3.4. Avaliación e número de convocatorias

3.4.1. A formalización da matrícula dará dereito en cada curso académico a unha convocatoria con dúas oportunidades de avaliación, que se realizarán conforme ao calendario académico aprobado, ou á norma que corresponda.

3.4.2. A avaliación realizarase segundo o establecido nas correspondentes guías docentes, e as convocatorias de exame serán aprobadas e feitas públicas polo centro, que corresponder, xunto coas de cada un dos graos.

3.5. Abandono do Programa de Simultaneidade

3.5.1. As persoas que decidan abandonar o Programa de Simultaneidade deberán notificalo á Administración da facultade responsable da xestión administrativa deste, antes do inicio do período ordinario de matrícula.

3.5.2. O estudantado, de ser o caso, poderá:

- a) Optar, no prazo indicado, por calquera das dúas titulacións do Programa, sempre que cumpran os requisitos de permanencia da titulación que desexen cursar.

De non cumprir este requisito, a/o decana/o da facultade que imparta a correspondente titulación, previa petición da persoa interesada, poderá autorizar a matrícula segundo o que estableza a norma vixente que regule a progresión e permanencia do estudantado de grao e mestrado universitario da UDC.

O estudantado terá dereito ao recoñecemento de créditos que proceda, na titulación pola que opte, por aqueles outros superados na titulación que abandone. Este recoñecemento terá carácter gratuíto.

- b) Optar, no prazo que corresponder, por solicitar praza para iniciar estudos noutra titulación distinta, seguindo as normas e os procedementos de carácter xeral.

O estudantado terá dereito ao recoñecemento que proceda, na titulación na que se matricule, por aqueles outros superados no Programa de Simultaneidade.

3.6. Expedición dos títulos oficiais de grao

O estudantado deberá solicitar a expedición de cada un dos títulos oficiais: Graduado/a en Turismo pola UDC e Graduado/a en Ciencias Empresariais pola UDC. A solicitude poderase facer a través da secretaría virtual do estudantado ou, no seu defecto, na administración do centro correspondente ao título que se quere solicitar, aboaranse, en concepto de expedición de cada título, os prezos públicos establecidos a tal efecto pola Xunta de Galicia para cada curso académico.

Os trámites administrativos que se realizarán en cada unha das administracións mencionadas serán os mesmos que están establecidos con carácter xeral no procedemento de expedición de títulos oficiais.

Disposición adicional primeira. Normativa supletoria

Para o que non está establecido nesta normativa, os trámites académico administrativos relacionados con estes estudos, regularanse pola normativa de xestión académica correspondente a cada curso académico e demais normativas da UDC que resulten de aplicación, así como por calquera outra norma de rango superior.

Disposición adicional segunda. Oferta e continuidade do Programa de Simultaneidade

A UDC resérvase o dereito de non ofrecer para promocións sucesivas o Programa de Simultaneidade de estudos que regula esta normativa se a demanda deste non se correspondese coa oferta académica anual, porén, o estudantado de continuación de estudos terá garantida a posibilidade de rematar os estudos do Programa de Simultaneidade.

Disposición transitoria. Adaptación progresiva do Programa de Simultaneidade

Como consecuencia da modificación substancial do Grao en Turismo, este título implántase progresivamente curso a curso, comezando en 2025/2026 e finalizando en 2028/2029, conforme ao previsto na súa memoria de verificación, mentres que o Grao en Ciencias Empresariais mantén inalterado o seu plan de estudos.

O Programa de Simultaneidade do Grao en Turismo e do Grao en Ciencias Empresariais regulado por esta memoria constitúe a adaptación do programa previamente existente á modificación substancial do Grao en Turismo, sen que iso supoña a creación dun novo Programa de Simultaneidade.

En consecuencia, o Programa de Simultaneidade adaptarase de forma progresiva, curso a curso, unicamente respecto das materias correspondentes ao Grao en Turismo, de acordo co calendario de implantación e extinción previsto para esta titulación, sen que esta adaptación afecte ao resto do itinerario formativo do Programa.

Disposición derogatoria. Derogación normativa

Queda derogada a Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Ciencias Empresariais, aprobada polo Consello de Goberno do 16/07/2025.

Disposicións final primeira. Habilitación

Corresponderalle á vicerreitoría competente en materia de titulacións a interpretación e resolución de cantas cuestións xurdiren en aplicación desta normativa.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e será de aplicación a partir do curso académico 2026/27.

O reitor

Ricardo José Cao Abad